

Con motivo da celebración do
17 de maio, *DÍA DAS LETRAS GALEGAS*

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística convoca o

CONCURSO DE CREACIÓN LITERARIA

**“As *17* mellores palabras na
mellor orde”**

BASES:

1. Poderá participar toda a comunidade escolar da EOI de Santiago.
2. Poderanse presentar creacións literarias en calquera estilo (narrativa, poesía, etc.).
3. O tema da creación literaria é libre.
4. A lingua dos textos debe ser o galego.
5. A extensión será de **17** palabras como máximo (fonte Arial 12, dobre espazo).
6. A extensión será de **17** palabras como mínimo (fonte Arial 12, dobre espazo).
7. O prazo de entrega comeza o XOVES **17** de ABRIL.
8. Os traballos pódense entregar ata a véspera do **17** de MAIO.
9. Os traballos presentaranse na conserxaría da EOI.
10. Os traballos irán nun sobre pechado, asinados cun pseudónimo.
11. Dentro do sobre incluírase outro sobre pechado cos datos persoais do autor ou autora.
12. O traballo gañador será escollido por un xurado do ENDL.
13. A decisión do xurado será inapelable.
14. O concurso poderá quedar deserto.
15. Haberá un único premio en forma dun vale de compra de 100€.
16. O premio será entregado nos actos de celebración das Letras Galegas na escola.
17. O ENDL resérvase o dereito de usar os traballos presentados en publicacións da EOI.